



ORGANIZACIÓN  
COLEGIAL DE ENFERMERÍA  
Colexio Oficial de Lugo

## CONVOCATORIA DE ELECCIÓN ILUSTRE COLEXIO OFICIAL DE ENFERMERÍA DE LUGO

A Xunta de Goberno deste Ilustre Colexio de Enfermería, en sesión celebrada o día 24 de Xaneiro de 2020, de conformidade co previsto no artigo 35 dos Estatutos Colexiais, adoptou acordo de convocar eleccións, que terán lugar o próximo día 29 de Marzo de 2020, para a provisión de tódolos cargos da Xunta de Goberno, de acordo cas seguintes:

### NORMAS

**1.- Cargos a elixir.**- Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e cinco vogais, segundo o artigo 35, apartado a).

**2.- Condicións dos candidatos.**- Poderán ser membros da Xunta de Goberno todos os colexiados exercentes deste Ilustre Colexio que non foran condenados por Sentencia firme que leve aparellada a inhabilitación para cargo público, nin estean sancionados disciplinariamente por falta grave ou moi grave non cancelada, segundo o artigo 26

**3.- Candidaturas.**- As candidaturas deberán presentarse na sede central do Colexio, sita na Avenida da Coruña, 104 entlo B, 27003, Lugo, en listas pechadas e completas, comprendendo o número total de cargos a elixir, con indicación do candidato que opta a cada un deles (Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, vogal nº 1, vogal nº 2, vogal nº 3, vogal nº 4, vogal nº 5), e un número máximo de 9 suplentes, dentro dos oito días hábiles seguintes a aquel en que se publique a presente convocatoria (29-03-2020).

Finalizado o prazo anteriormente sinalado, a Xunta de Goberno publicará no taboleiro de anuncios da sede colexial, dentro dos tres días hábiles seguintes, as candidaturas que reúnan os requisitos esixidos, con concreción do nome e apelidos dos candidatos e suplentes, e dos cargos aos que optan dentro de cada candidatura.

Paralelamente á publicación das candidaturas e a través do mesmo medio, publicarase o censo colexial para a súa consulta polos interesados durante un prazo de sete días naturais, no que se poderán efectuar reclamacións para a corrección dos posibles erros existentes, que deberán ser resoltas pola Mesa Electoral no prazo máximo de tres días hábiles, a fin de publicar o censo definitivo, do que se entregará un exemplar a cada candidatura, cando así se solicite.

**4.- Mesa, Lugar e horario de votación.**- A elección terá lugar na sede central do Colexio, entre as 9:00 horas e as 19:00 horas do día sinalado. A Mesa estará presidida polo Presidente, D<sup>a</sup>. Marta Piñeiro Soto, auxiliado polos dous vogais, D<sup>a</sup>. Rita M<sup>a</sup> Freijo González e D<sup>a</sup>. Mercedes Fernández Vázquez. Suplirá no seu caso ó Presidente D<sup>a</sup>. Beatriz Cornide García e ós vogais D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Fe Sancosmed Miragaya e D. José Antonio Calvo Pérez, respectivamente.

Os Colexiados que concurren ao acto electoral, deberán acudir provistos do documento nacional de identidade, carné de conducir, pasaporte en vigor, ou carné de Colexiado, co fin de que, pola Mesa Electoral se poda verificar a súa identidade e a súa inclusión no censo.

**5.- Voto por correo.**- Os electores que prevean que na data da votación non poderán personarse na sede Colexial para exercer o seu dereito de voto, poderán emitilo por correo, previa solicitude, que deberá formularse por escrito e presentarse persoalmente na sede Colexial ou por correo certificado dirixido ao Presidente da Mesa Electoral, domiciliada na sede central do Colexio, no prazo de oito días hábiles a partir da publicación da presente convocatoria, na que se indicará o nome, os apelidos, o número de Colexiado e o enderezo ao que quere que se lle envíen os sobres e as papeletas para exercer o voto por correo, e se acompañará fotocopia do documento nacional de identidade ou do carné de Colexiado.


Para exercitar debidamente o dereito de voto por correspondencia, os electores deberán remitir por correo certificado o sobre de votación debidamente pechado ca súa papeleta dentro, que introducirán dentro doutro no que se incluírá unha fotocopia do carné de Colexiado ou do documento nacional de identidade, pasaporte ou carné de conducir, á sede Colexial, e deberá ter entrada na mesma antes da hora do peche da votación.

Os sobres de votación dos Colexiados que non se remitan acompañados de fotocopia dalgún dos documentos de identificación previstos no apartado anterior, entenderase que non garanten o exercicio persoal do dereito de sufraxio activo e, por conseguinte, non se computarán, conservándoos, non obstante, a efectos de posibles reclamacións ou recursos posteriores.

**6.- Publicidade da convocatoria.**- Esta convocatoria estará exposta no taboleiro de anuncios da sede Colexial, remitirase por correo a todos os Colexiados, insertarase na páxina web Colexial e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 19 de febreiro de 2019

Secretaria



Fdo. Elena Cabana Gil